

# Autonomía entre dous séculos (1981-2021)

Henrique Monteagudo, Nieves Lagares  
Díez, Xoán Antón Pérez-Lema,  
Xosé Luís Barreiro Rivas, Roi Pérez,  
Xoaquín Fernández Leiceaga

# GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

231 xullo, agosto, setembro 2021

Tomo LIX

TEMAS DO NOSO TEMPO

**Máis alá do gueto  
cronolóxico.  
A interxeracionalidade  
como motor do proxecto  
vital na idade provecta**

Xaime Fandiño

HISTORIA E MEMORIA

**Achegamento á historia das  
mulleres campesiñas.  
O problema da conciliación**

Xavier Castro

DOCUMENTOS

**A correspondencia entre  
Xela Arias e Jorge Amado**

Montse Pena Presas

CONVERSA CON XULIO GIL

**Tigres coma cabalos.  
Historia dunha creación  
entre iguais**

Xan Carballa

CARTA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# Encrucilladas da vulnerabilidade

MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO

A sistimos nos últimos tempos a unha repunta da violencia contra as mulleres e da violencia vicaria, a pandemia semella ter empeorado a xa preocupante situación anterior. Igualmente, púxose de manifesto a importancia da proximidade corporal, que a distancia física é distancia social, e alterou a nosa relación coa vida e a morte (illamento social e sanitario, nais que paren soas, ocultación das mortes, imposibilidade da despedida...), confrontándonos coa vulnerabilidade humana, social, sanitaria, económica... Achámonos nun escenario nunca antes vivido, onde segue a producirse un incremento exponencial da desigualdade, e que fai poñer o foco na violencia e na vulnerabilidade, en particular na especificidade da violencia e da vulnerabilidade das mulleres. Mellor, se cadra, nas violencias e nas vulnerabilidades, isto é, nas súas formas, nas súas conceptualizacións, nos distintos contextos, esixindo afastarse de usos irreflexivos ou acríticos, requirindo unha maior precisión para saber de que estamos a falar e cavi-lar en que estamos a facer ante vellas e novas emerxencias.

Ben é certo que a vulnerabilidade entra con forza no noso vocabulario nas últimas décadas e desde distintas dimensións (social, política, económica, ecolóxica, psicolóxica...), acentuándose a partir da crise de 2008 e aínda máis coa pandemia-Covid, nun contexto neoliberal. Así, hoxe fálase xa do “xiro” ou do paradigma da vulnerabilidade (Birulés, 2021), facéndonos reparar en que é o que captura, en se ofrece un marco para pensar e actuar nun mundo interdependente, inxusto, desigual, en se fai posíbel profundar na cooperación non violenta e na democracia. Por descontado, as preguntas agroman: Que é a vulnerabilidade?<sup>1</sup> Quen son vulnerábeis? Son as mulleres vulnerábeis? Son as mulleres un grupo vulnerábel? É a vulnerabilidade un atributo negativo?, é algo inevitábel?, é unha condición

existencial?, é o que caracteriza a condición humana? Ser vulnerábel significa ser vítimas? A vulnerabilidade está desigual e diferencialmente distribuída social e politicamente? É a vulnerabilidade ambivalente?, é dicir: estamos, expostos aos outros e polo tanto ao dano, á ferida, á violencia, e ao tempo abertos á cura, ao coidado dos outros. Mais esta ambivalencia, aínda resolvéndose do lado do curar e do coidar, semella en principio non ter nada que ver coa violencia, non obstante, non sempre é así, e isto forma parte do problema; hai que (como e quen?) protexer os vulnerábeis e das violencias? Con todo, pódese dicir que a vulnerabilidade está na encrucillada, e a vulnerabilidade ten as súas propias encrucilladas.

Como queira que sexa, importa advertir que as teóricas feministas da xustiza, xa desde os anos oitenta, téñense ocupado de comprender, analizar, a vulnerabilidade das mulleres, das mulleres como grupo vulnerábel ou máis vulnerábel que outros, formulando os cambios necesarios para remover as inxustizas, as desigualdades, xeradas polo sistema sexo-xénero, dado o nesgo nas institucións sociais e políticas das sociedades formalmente igualitarias, tanto no Norte como no Sur global. Protexer os máis vulnerábeis ou, mellor, remover as bases das súas vulnerabilidades adoita ser un dos fundamentais cometidos da xustiza social e política. Van alá máis de tres décadas desde que a filósofa política da xustiza Susan Moller Okin presentou o que denominou “ciclo de vulnerabilidade asimétrica”, para caracterizar a específica vulnerabilidade das mulleres causada socialmente (Agra, 2016). A familia tradicional, e o matrimonio, baseada na desigual división sexual do traballo, interactúa coa estrutura pública do emprego, do traballo pagado, volvendo as mulleres máis vulnerábeis. O ciclo da vulnerabilidade refire ao reforzamento mutuo das estruturas de familia e emprego, da esfera pública e da

**María Xosé Agra Romero é doutora en Filosofía e catedrática de Filosofía Moral e Política da USC. Centra os seus traballos no ámbito da Filosofía Política e a Teoría Crítica Feminista, sobre vulnerabilidade humana, xustiza e igualdade.**

esfera privada, á lóxica estrutural pola que as mulleres dedican máis horas ao traballo doméstico, ou teñen menos tempo e enerxía para o traballo pago ou traballan a tempo parcial, de forma que o matrimonio e o coidado dos fillos, xunto cos maiores salarios e o dar prioridade ás carreiras ou aos salarios dos maridos, pónenas nunha posición de vulnerabilidade, tamén despois do divorcio. A vulnerabilidade é, pois, socialmente causada, distribúese diferencialmente entre mulleres e homes, é asimétrica, inscríbese nos circuitos dun poder social diferencial e, en consecuencia, sitúa as mulleres en posicións de desigualdade e inxustiza. Sen entrar agora nalgúns aspectos críticos, como poñen de manifesto diversas teóricas feministas, a vulnerabilidade derivada do matrimonio, non só atravesas países e clases, senón que tamén indica a susceptibilidade ao dano físico (dano corporal, comida, vivenda...), a humillación e medo; a vulnerabilidade tematízase en termos de (in)xustiza e desigualdade, e polo tanto non é un atributo individual, non é un feito inevitábel nin natural, non é constitutiva, natural ou existencial para as mulleres. Significa dependencia, abuso, dano e violencia física e psíquica; ten, xa que logo, connotacións negativas e reenvía a posicións sociais, a grupo vulnerábel, as inxustizas sistémicas, estruturais, sendo relacional, creada e sostida polos ordenamentos sociais.

Iris M. Young vai soste que, malia que a análise de Okin respondía ao contexto dos Estados Unidos dos anos setenta e oitenta, a lóxica estrutural básica do ciclo da vulnerabilidade segue revelando importantes aspectos da opresión de xénero na maioría das sociedades do mundo hoxe (2009: 228), describe ben as relacións que condicionan e constrinxen as vidas de moitas mulleres, de xeito que gran parte da estrutura básica de sexo-xénero como a teorizou Okin “permanece intacta”, por máis que a lóxica estru-



Relevo da Venus de Laussel (de hai 25.000 anos), descuberto en 1909 en Marquay, Dordogne, Francia



Reproducción dunha pintura rupestre realizada por Francisco Benítez Mellado en Peña Escrita, Fuenaliente (Cidade Real), onde aparece unha das primeiras representacións dun parto, de hai 6.000 anos.

Fonte: Museo Nacional de Ciencias Naturales (CSIC-MNCN)

tural estea algo mitigada no Norte global, e tendo análogas consecuencias para as mulleres do Sur global. Young fai énfase na vulnerabilidade ao abuso, á dominación, á explotación e privación material, á estigmatización, incidindo en que as normas de sexualidade son tan significativas como a división do traballo á hora de constituír as estruturas e os procesos. Chama tamén a atención sobre o feito de que o emprego pagado das mulleres non necesariamente mina as inxustizas, mesmo pode reforzar dinámicas de explotación e desigualdade de poder, ao careceren de contratos, dereitos laborais, sanitarios, sociais; a entrada na forza de traballo non é sen máis unha ruta á liberdade, aínda que poida subir un chisco a autoestima.

O ciclo de vulnerabilidade persiste e reproducese pero, segundo Young, tamén cambia. Como consecuencia das políticas neoliberais e o abandono das políticas sociais, a vulnerabilidade das mulleres, e a violencia, increméntase, indo en dirección contraria á xustiza social e política, producíndose unha igualación por abaixo que afecta cada vez a máis xente: traballo “flexíbel”, a tempo parcial, sen contratos ou temporais, sen dereitos, sen horarios, moi baixos salarios, unhas condicións que se van impondo como normativas. Máis e maior precariedade, aumento da vulnerabilidade das mulleres á pobreza e das mulleres pobres, migradas, intersectando coa raza, a idade, a orixe étnica ou nacional, adquirindo unha dimensión transnacional. Desde esta


perspectiva, as mulleres configuran un grupo estrutural, e demándanse transformacións estruturais, sociais, económicas e políticas; niso consiste protexer as vulnerábeis, non en medidas ou leis proteccionistas-paternalistas, tampouco son suficientes medidas anti-discriminación ou de igualdade de oportunidades, e moito menos que a vulnerabilidade as converta en vítimas pasivas ou contribúa a naturalizar as relacións de poder e desigualdade. Así e todo, achámonos aquí cun dos riscos da vulnerabilidade, cunha das súas encrucilladas: como acadar apoio estrutural e políticas públicas ao tempo que non se caia nun proteccionismo paternalista?

Se nos achegamos agora ao paradigma da vulnerabilidade, da man dunha das máis relevantes pensadoras, Judith Butler, vemos como xulga arriscado soste que as mulleres son especialmente vulnerábeis, por máis que haxa motivos máis que suficientes para defendelo, inclinándose por adoitar unha perspectiva en que as mulleres “son seres vulnerábeis pero á vez resistentes” (2017: 142), distanciándose da teoría e política feminista que fai da vulnerabilidade a característica das mulleres como grupo, pois pode acabar sendo unha nova norma descritiva. A vulnerabilidade, na súa proposta, constitúe o cerne dunha nova ontoloxía, non é unha disposición subxectiva, pasiva; non é un atributo do suxeito, nin identificábel sen máis con dependencia, tampouco se trata de xuntar ou crear unha clase de persoas. A vulnerabilidade enténdea como condición

común, achantada na interrelacionalidade dos corpos, nas relacións e na interdependencia sociais. Desde esta base subliña, non obstante, que a vulnerabilidade se distribúe de maneira desigual, de aí os “grupos ou poboacións vulnerábeis”. O risco, de novo, vén da inflación do termo vulnerabilidade, dos intentos de identificación e definición dos “suxeitos vulnerábeis” de que remate sendo, nunha lóxica neoliberal, como moi ben apunta Birulés, “unha nova forma de (non) dicir a desigualdade” (2021: 92)<sup>2</sup> ■

## Referencias bibliográficas

- Agra Romero, M<sup>a</sup> Xosé (2013). “Vulnerabilidad: injusticias y cuidados”, en Margarita Boladeras (ed.). *Bioética: justicia y vulnerabilidad*. Barcelona: Proteus, pp. 49-82.
- (2016). “De la vulnerabilidad y sus ciclos: reflexiones sobre (in)justicia y género”, en Marianella Ledesma Narváez (coord.). *Género y Justicia*. Lima: Centro de Estudios Constitucionales, pp. 65-86.
- (2020). “Vulnerabilidade e injusticia estrutural: a propósito de la ‘penuria’ de la vivienda”, en Natalia Paleo (ed.). *Políticas y derecho a la vivienda. Gente sin casa y casas sin gente*. Valencia: Tirant lo Blanch, pp. 53-76.
- Birulés, Fina (2021). “Observaciones sobre la vulnerabilidad”, en *Maleta de Portbou 45*, pp. 90-94.
- Butler, Judith (2017). *Cuerpos aliados y lucha política. Hacia una teoría performativa de la asamblea*. Barcelona: Paidós (trad. esp. de María José Viejo).
- Okin, Susan Moller (1989). *Justice, Gender and Family*. Nova York: Basic Books.
- Young, Iris Marion (2009). “The Gendered Cycle of Vulnerability in the Less Developed World”, en Satz, Debra e Reich, Rob (eds.). *Toward a Humanist Justice. The Political Philosophy of Susan Moller Okin*. Oxford: Oxford University Press.



1. Véxase Birulés (2021) para a etimoloxía do termo *vulnus* e o carácter ambivalente da vulnerabilidade.

2. Os riscos e encrucilladas da vulnerabilidade non rematan aquí, baste sinalar os problemas dos cuidados e da violencia, en particular os do curar/coidar no ámbito sanitario. Tamén sobre o problema da vivenda. Véxase, Agra Romero (2013, 2020).